

CIENCIA E TERRITORIO ■ O catedrático de Xeografía Física da USC define os ríos galegos como estanques, critica a antropización das canles fluviais e alerta da perda de especies de peixes ■ Pola contra, Juan Antelo Cortizas, catedrático de Química Física afirma que agás o Sar, todos teñen boa saúde

Pérez Alberti: "Abonda de encoros e mais de muíños nas montañas"

Ramón Doldán lembra que o 35% da produción hidroeléctrica do Estado sae de Galicia e denuncia o impacto ambiental

Redacción · Santiago

Debate e puntos de vista diverxentes nas VI Xornadas Ciencia e Territorio de Melide. Onte dous catedráticos da USC mostraron dúas visións sobre as canles fluviais galegas.

O catedrático de Xeografía Física, Augusto Pérez Alberti non dubida en definir os ríos galegos como "auténticos estanques". Na súa conferencia falou sobre o papel das canles fluviais como modeladores das paisaxes de Galicia. Segundo este experto, os homes de antes sabían interpretar coa súa experiencia as posibilidades do medio moito mellor cós técnicos de agora e avogou volver a ese coñecemento tradicional como a mellor arma contra o abandono do rural.

O investigador referiuse ós ríos como "antropizados", xa que "desde o ano 56, que se fixo o encoro das Conchas (na provincia de Ourense), ata agora a paisaxe cambiou completamente" e actualmente os ríos funcionan "máis como estanques ca como ríos", porque "non os deixamos como recursos vivos". É e que "practicamente non quedan ríos libres de encoros", e, polo mesmo motivo, "xa está ben de muíños nas montañas".

Ata Pérez Alberti mencionou a diminución das diferentes clases de peixes que existían e que hoxe practicamente desapareceron. "Se pasa isto é que algo falla", asegura o catedrático da USC. "Cando era pequeno bebía da auga do río Miño; hoxe non se me ocorrería deixarlle beber dela a un fillo", asevera.

Outra cousa pensa o catedrático



Os participantes nas VI Xornadas Ciencia e Territorio do IES de Melide nunha saída de campo

Conferencias e obradoiros

As VI Xornadas Ciencia e Territorio rematan hoxe con tres conferencias e os obradoiros para que os participantes presenten as súas experiencias didácticas relacionadas coa auga. A conferencia de clausura será impartida polo profesor da USC, considerado unha das figuras máis senlleiras da Antropoloxía en Galicia, Xosé Ramón Mariño Ferro. A súa intervención versará sobre os aspectos simbólicos e prácticos da auga na cultura tradicional galega. Mariño Ferro ocupa o lugar en principio reservado ao tamén profesor da USC Xosé Manuel Vázquez Varela, que por motivos persoais non poderá acudir.

Por sexto ano consecutivo, o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e mais os departamentos de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais do IES de Melide, organizan unhas xornadas didácticas orientadas principalmente ó profesorado de ciencias de secundaria. O obxectivo é aproveitar as oportunidades educativas que nos ofrece o medio, particularmente a comarca melidense e incluír o rural galego na formación do profesorado. Porque "unha verdadeira escola galega comprometida co seu medio non pode ser concibida sen que procure aprendizaxes a partir do que o alumno coñece".

do departamento de Química Física Orgánica e Ambiental da USC, Juan M. Antelo Cortizas, quen asegurou que "os ríos galegos gozan de boa saúde, menos o Sar", que presenta unha situación "preocupante". Este químico explicou o establecemento da rede de calidade de augas de Galicia e asegurou que, segundo os últimos estudos, a maior parte dos ríos de Galicia teñen índices permitidos para o consumo humano.

O martes, Xosé Ramón Doldán García, profesor do Departamento de Economía Aplicada da USC lembrou que o 35% da produción hidroeléctrica de Galicia se exporta, e que a UE quere aumentala. Galicia ocupa o segundo lugar no estado, despois de Castela-León en produción hidroeléctrica e isto ten unha repercusión ambiental moi importante que criticou claramente.●

CIDADANÍA

■ Tamén poderán ser voluntarios, dita Aguirre

Os obxectores madrileños realizarán un traballo sobre a Constitución

Os alumnos que obxecten da materia Educación para a Cidadanía (EpC) nos colexios de Madrid terán que realizar un traballo sobre a Constitución española e os valores que a informan, a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político, así como prestar no centro algunha actividade de voluntariado que a dirección considere beneficiosa para a convivencia escolar.

Así o establece unha instrución remitida pola Consellería de Educación aos centros educativos nos que a partir deste curso escolar se comezará a aplicar Educación para a Cidadanía.

O texto explica que unha serie de pais enviaron ao rexistro da Consellería escritos nos que aseguran decidir que os seus fillos, que cursan 2º e 4º de Educación Secundaria, non asistan ás clases de Educación para a cidadanía e os dereitos humanos (ou Educación ético-cívica) alegando "razóns de conciencia" e "o dereito fundamental á liberdade ideolóxica recoñecida no artigo 16 da Constitución española".

Na instrución, o departamento que dirixe Lucía Figar detalla que a postura destes pais "foi xa apoiada por Tribunais Superiores de Xustiza noutras comunidades autónomas", onde lles esixiron ás correspondentes administracións educativas que declaren exentos os alumnos obxectores da obriga de cursar esta materia.

"Ante esta situación, dado que a Consellería de Educación debe garantir que todos os alumnos, durante o horario escolar, reciban a adecuada atención educativa, e en tanto o Tribunal Supremo non dite sentenza, o seu centro deberá adoptar as medidas oportunas para que os alumnos (obxectores) sexan atendidos durante a hora semanal dedicada á devandita materia", sinala o texto.

IU pide a intervención do Ministerio para pór orde

A deputada rexional e portavoz de Izquierda Unida na Comisión de Educación da Asemblea de Madrid, Eulalia Vaquero, reclamoulle ao Ministerio de Educación, Política Social e Deporte que "interveña e solución" o "conflito creado pola presidenta rexional, Esperanza Aguirre". "É inadmisíbel que a poucos días do inicio do curso os institutos reciban unha instrución que ampara a ilegalidade que supón non impartir unha materia obrigatoria", apuntou a deputada. ● AXENCIAS

AS FRASES



Augusto Pérez

Augusto Pérez Alberti

"Cando eu era pequeno bebía da auga do río Miño. Hoxe non se me ocorrería deixarlle beber dela a un fillo meu", asegura o catedrático de Xeografía Física da USC.



Juan Antelo

Juan Antelo Cortizas

"Case todos os ríos galegos gozan de boa saúde, con índices permitidos para o consumo humano. Agás o Sar, que é preocupante", di o catedrático de Química Física.



Francisco Martínez

Fco. Martínez Gil

"A auga non é un ben escaso, senón que somos demasiados e cómpre usala racionalmente, segundo o catedrático de Hidroxoloxía da Universidade de Zaragoza.



Avelino Núñez

Avelino Núñez Delgado

"O vertido de alcatrán no río Catasol o pasado xullo foi un pequeno Prestige polo efecto nesta canle ó seu paso por Melide", di o profesor de Edafoloxía da USC.

COMARCAS

El PP cree que el Gobierno «toma el pelo a los lucenses» en las respuestas del Senado

► Los populares dicen que las explicaciones ofrecidas a sus preguntas son «vagas» y demuestran falta de compromiso con la provincia

MAR M. LOUZA

LUGO. El Partido Popular dio a conocer ayer las respuestas ofrecidas por el Gobierno a las cuestiones presentadas por el grupo en el Senado sobre temas concernientes a la provincia de Lugo, que aparecen publicadas en el Boletín Oficial de las Cortes Generales. José Manuel Barreiro, presidente provincial del PP, calificó de «falta de respeto e tomadura de pelo» a los lucenses la «vaguedad» y los «argumentos peregrinos» que manejan y aportó ejemplos como la respuesta sobre el estado de la obra y los plazos de apertura de la Autovía del Cantábrico (A-8). El Gobierno señala que hay cuatro tramos abiertos, que los diez restantes están en obras y que la previsión es que entren en funcionamiento «a medida que concluyan las respectivas obras», dentro de esta legislatura.

Barreiro considera que las respuestas desvelan que «non hai concreción» en los planes del Gobierno central para Lugo. «Non se van cumprir ningún dos prazos comprometidos para infraestructuras vitais», aseguró el portavoz popular, que pide mayor rigor en las respuestas, pues son «unha falta de respeto ós senadores e ás persoas que representan».

AUTOVÍAS Y AVE. Además de la A-8, los populares presentaron varias preguntas sobre el estado y plazos de ejecución de otras infraestructuras viarias, como la autovía Chantada-Monforte; la de Lugo-Ourense; la de Lugo-Santiago; así como el AVE que enlazaría Lugo con A Coruña, con Ourense y el de Ponferrada-Monforte. De estas obras, el PP sólo obtuvo respuesta acerca de la autovía Chantada-Monforte, sobre la que el Gobierno señala que al principio de la pasada legislatura ni siquiera existía estudio informativo, que se aprobó durante los cuatro años de mandato, cuando también se inició la redacción de los proyectos constructivos. «El compromiso del Gobierno es que, en esta legislatura, toda la autovía entre Ourense y Lugo se encuentre en servicio o en obras», añade la respuesta.

PUERTO Y CORREDOR. Acerca del corredor de la costa, entre San Sadurniño (A Coruña) y Barreiros (Lugo), el PP preguntó, además de plazos y estado, cuál será el trazado definitivo. La respuesta señala que se han realizado las consultas medioambientales ante las administraciones e iniciado la redacción del estudio informativo, «que será sometido a información pública durante el año 2008». El



José Manuel Barreiro, presidente provincial del PP. EP

trazado definitivo, señala, «se hará efectivo tras la emisión de la preceptiva declaración de impacto ambiental» y los plazos «resultarán de la licitación y adjudicación de las obras», concluye.

Sin alternativas ni plazos para el nuevo puente de Lugo

La información recabada por el PP en el Senado acerca del nuevo puente de Lugo sobre el Miño no aporta luz sobre si el enlace con la Avenida de Magoi se hará a través del parque Marcos Cela, cuestión que se plantea expresamente. La respuesta señala que «durante la fase de redacción del proyecto se profundizará en el análisis de las diferentes posibilidades de conexión», que el proyecto de trazado y construcción se está redactando y que estará concluido «en diciembre de 2008». José Manuel Barreiro manifestó que le hará llegar al alcalde lucense, José Orozco, las respuestas obtenidas. El regidor afirmó recientemente que Lugo sí existe para el presidente del Gobierno, a lo que Barreiro le responde que «ou Zapatero minte ou Orozco vive nun mundo feliz». El portavoz popular cree que el alcalde lucense «é pouco crítico, con el mismo e co partido que representa».

El PP preguntó también cuándo iniciará el Ministerio de Fomento negociaciones con Alcoa para abrir al tráfico comercial el dique norte del puerto de San Cibrao, a lo que el Gobierno responde que Puertos del Estado, a fecha de 2 de junio de este año, «no ha iniciado ni tiene previsto iniciar negociaciones con objeto de un posible rescate de concesiones» otorgadas a Alcoa pues podría suponer, continúa la respuesta, «una quiebra de las expectativas del grupo industrial, comprometiendo el desarrollo del mismo y los puestos de trabajo». Añade que el tráfico al margen del de Alcoa «es muy limitado» y dispone de otros puertos próximos.

DEPENDENCIA. El PP calificó de «nota», las explicaciones del Gobierno sobre cuántas personas dependientes habían sido valoradas y cuántas recibían prestación por ello, pues esta última pregunta no se responde. El Gobierno indica que la valoración de la dependencia corresponde a la comunidad autónoma, y que a 2 de junio se habían examinado 19.016 personas, de las que 15.229 tienen derecho a prestación.

También merecen «mención especial» para el PP las explicaciones sobre la subida de la tarifa eléctrica, que se debe a «la variación de costes; una insuficiente retribución tiene conocidos efectos colaterales, como los apagones de California y Sudáfrica».

Roban 2.000 euros en un bar de Momán

► Los ladrones forzaron la puerta de entrada del restaurante Tino, cuyo dueño, que oyó ruidos en el establecimiento, los vio desde la ventana

Xermade

I.R.

VILALBA. Tres ladrones atracaron en la madrugada del pasado martes el restaurante Tino, de Momán, en Xermade, y se llevaron cerca de 2.000 euros en metálico y el Terminal de Punto de Venta (TPV), además de causar cuantiosos daños materiales.

Los hechos se produjeron en torno a la una de la madrugada del pasado martes, cuando los ladrones forzaron con una palanca la puerta de acceso. Una vez dentro, se apropiaron de la recaudación acumulada en

la máquina tragaperras, en la que había más de 1.200 euros en monedas, según comentó el propietario del negocio, el teniente de alcalde de Xermade, Tino Fernández, quien también cifró en más de 600 euros el dinero que había en la caja del bar, que también se llevaron.

«A verdade é que foi un susto de morte», comentó ayer el propietario del establecimiento, que vio a los ladrones desde una ventana de la planta superior. «Saín nada máis sentir ruído e en canto lles din un aviso marcharon correndo. Eran tres, ou eu só vin tres persoas», agregó Fernández, quien precisó que «viñan cun pasamontañas e actuaron coma foguetes; non tardaron máis de cinco ou dez minutos en arrablar con todo». Más que por los daños, Tino Fernández está preocupado por los datos del programa del TPV. «Se non os recupero, si que sería un problema», concluyó.

Medio Rural repuebla 113 hectáreas en la provincia

REDACCIÓN

LUGO. La Consellería de Medio Rural anunció la contratación, por procedimiento abierto y trámite ordinario, de obras de repoblación forestal y de tratamientos silvícolas, con una inversión de 1,07 millones de euros para la provincia de Lugo. Las obras afectarán a 709 hectáreas, de las que 113 se centrarán en repoblación,

Las repoblaciones se harán mayoritariamente con pinos, debido a la inviabilidad de plan-

tar frondas en suelos frugales con poca profundidad. Aún así, según señaló la consellería, se realizará también la plantación de especies caducifolias como robles, castaños o abedules, necesarias para la protección de las áreas de ribera situadas a las orillas de los ríos, que son vitales para la vida piscícola.

Los tratamientos silvícolas consistirán fundamentalmente en desbroces, podas y rareos. El plazo para optar a los trabajos termina el 29 de este mes.



Terminan hoy las Jornadas de Ciencia de Melide, dirigidas a profesores

Las VI Jornadas de Ciencia e Patrimonio de Melide, organizadas por el IES melidense y el grupo pedagógico Nova Escola Galega, continuaron ayer con conferencias y visitas. Las jornadas, dirigidas a profesores, terminan hoy.

Melide acolle as VI Xornadas de Ciencia e Territorio para analizar os problemas que afectan á auga

Melide albergou durante tres días a sexta edición das Xornadas de Ciencia e Territorio organizadas pola entidade pedagóxica Nova Escola Galega e os departamentos de Ciencias sociais e naturais do Instituto de Educación Secundaria da localidade e que se celebraron alternativamente no IES e na biblioteca municipal. Baixo o subtítulo de *A auga: usos e abusos (II)* preto de 70 persoas, a maioría técnicos e docentes procedentes de todo o país, participaron nun ciclo de oito conferencias compaxinadas con saídas ao campo, obradoiros e outras actividades programadas como proxeccións de films e sesións de xogos populares. A finalidade esencial deste encontro era analizar, por segundo ano consecu-

tivo, a problemática que xira arredor da auga tanto dende a perspectiva do seu uso como a do seu abuso e concienciar, a súa vez, á sociedade da racionalidade no emprego deste recurso natural por mor de ser un ben esgotable.

Primeiro día: a inauguración

A apertura oficial deste seminario arrincou na biblioteca municipal nun acto que contou coa presenza da alcaldesa de Melide, Socorro cea, o Presidente da Nova Escola Galega, Xosé Lastra, a directora do IES, Margarita Quintela e a coordinadora deste evento, Carmen Santos. A rexedora melidense relacionou o desenvolvemento anual destas xornadas co traballo plasmado, nos anos vinte, pola *Xeración Nós* e o *Seminario de Estudos Galegos* e que fan de

Melide unha das comarcas mellor estudadas de toda Galiza. Pola súa banda a conferencia que inaugurou esta sexta edición correu a cargo do catedrático de hidroxeoloxía de Zaragoza, Francisco Javier Martínez Gil, quen afirmou que a auga non é *un ben escaso senón que somos demasiado xa que somos nós os que chegamos máis alá das posibilidades que nos ofrece este recurso. De aí a necesidade de deseñar un uso racional da mesma e do respecto ao medio*, engadiu Martínez Gil.

Na poñencia do profesor de Edafoloxía e Química Agrícola de Santiago, Avelino Nuñez Delgado, este especialista disertou sobre os tipos de contaminación. Neste senso resaltou que feitos como o recén verquido no Río Catusol *constitúen peque-*

nos Prestigie, máis fáciles de acoutar que os de grandes dimensións pero con efectos igualmente dramáticos.

Pola tarde os asistentes visitaron as minicentraís de Portodía e Portocaho para logo continuar coa charla no serán do profesor de económicas, Xosé Ramón Dodán García, sobre a auga como recurso enerxético

Segundo día: puntos de vista diverxentes

Nesta xornada os confereciantes foron dous catedráticos de Universidade de Santiago de Compostela que amosaron as súas diferentes visións sobre o tema. Na quenda do químico, Juan Manuel Antelo, este defendeu no seu discurso que *os ríos galegos gozan de boa saúde en xeral agás o Sar* e explicou o establecemento da rede de calidade de augas de Galiza amosando que, segundo os últimos estudos, a maior parte dos cauces fluviais da nosa comunidade *presentan os*

índices permitidos para o consumo humano.

Nembargantes o seu compañeiro de profesión, especilaizado en Xeografía Física, Augusto Pérez Alberti, definiu aos ríos galegos como *auténticos estanques*, alegando que dende que no ano 56 fixeráse o encoro das Conchas (Ourense) ata agora a paixaxe *mudou completamente*. Esta situación é a causante de que actualmente as augas doces funcionen máis como estanques e que *practicamente non quedan ríos libres de encoros*.

Terceiro día: a gran sorpresa

Na última sesión o docente na Universidade de Vigo, José Ramón Seara Valero, deu noticia bomba ao anunciar aos participantes o recén achazo en Xinzo de Limia (Ourense) do que podería ser o acuífero máis importante de toda Galiza. Este descubrimento púxose casualmente cando se realizaban sondaxes na busca de granito.

Carme, agosto - setembro 2008